



# CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 118

Setembro

Editado 04/09/13

## 28-29 DE SETEMBRO: VI MULTIACTIVIDADE TRAVESÍA DA RÍA DE VIGO

Un ano máis convocámosvos para pasalo ben na xornada dos días 28-29 de setembro desenvolvendo actividades moi diversas que nos permitirán “saborear” a nosa Ría practicando diferentes modalidades deportivas :



1. Cruzaremos a ría de Vigo en piragua desde a praia de O Bao.
2. Introducirémosnos nunha fermosa furna, facendo así un guiño á espeleoloxía e ao mundo soterrado onde o mar é o protagonista.
3. Escalaremos algunha das vías de escalada en Donón, deixándonos seducir por unha espectacular paisaxe.
4. Camiñaremos por vilas, aldeas e campos descubrindo fermosos recunchos.
5. Cruzaremos de novo a Ría, pero esta vez nadando preto da ponte de Rande e finalmente.
6. Coa bicicleta e a golpe de pedal chegaremos ao noso refuxio no Monte Aloia.



Como en anos anteriores contaremos con apoio loxístico para o bo desenvolvemento das actividades.

Podedes anotarvos a todas as actividades ou parcialmente á que sexa do voso interese.

Requisito imprescindible: Moitísimas ganas de pasalo ben.

Máis información no club e na web.

Contamos con todos vós!!



### 1ª CARREIRA DE ORIENTACIÓN. 5-6 OUTUBRO- A SEARA- O CAUREL ORGANIZA C. M. CELTAS

Iniciámonos nas carreiras de orientación coa intención de achegarvos esta modalidade deportiva dende o club.

O sábado pola tarde nocións teóricas de mapas, interpretación, nova tecnoloxía (gps, móbil, tablet,..).

O domingo pola mañá proba de orientación na Seara e arredores.

Material a levar: compás, regra e lapis, ademais do equipamento apropiado para a actividade.

### NORABOA A ANA RODRÍGUEZ E JOSE CARLOS LORENZO!

O pasado día 20 de agosto recibimos comunicación dos nosos socios que lograron facer cumio no Stok kangri, pico situado a 6.150 metros no Himalaya Indio. Esperamos o voso relato!  
**BENVIDOS**

### Neste número:

Montaña	2
Sendeiro	
Infantil	3
Xuvenil	
Vindeiras	4
Actividades	

## CAMPAMENTO DE VERÁN 20-21-XULLO

Eramos 80 persoas.

No cámping Santa Tecla xuntámonos para dar conta dun delicioso churrasco preparado polo noso cocineiro oficial, Ricardo, e acompañado de pinches de todo tipo..., os que miran, os que fan algo, os que axudan, os que animan.. O caso é que o churrasco regado cun bo viño e boa auga, acompañado dun delicioso roscón, deu de comer a todos, e estaba boísimo.

Algúns tiveron que repoñer máis forzas despois do paseño para “todos os públicos” en bicicleta que nos levou dende o cámping ata A Guarda todo pola costa o sábado pola tarde.

Ao día seguinte, despois de sobrevivir ás picaduras dos mosquitos, collemos a piragua e fixemos un percorrido polo río Tamuxe, augas arriba aproveitando a subida da marea. No regreso o vento fixo un pouco das súas facendo que o esforzo tivese que ser algo maior.

Todos, nenos e mozos, pasámolo xenial!

O mellor o bo humor, a alegría de todos, o volver a ver a moitos. O peor ademais dos mosquitos e as súas consecuencias, é que teremos que esperar outro ano ata o próximo campamento de verán.

Grazas a Conchi polo esforzo da organización e a todos os que en maior ou menor medida colaborastes.

M.N.



## VINDEIRAS ACTIVIDADES MONTAÑA- SENDEIRO

### 17 DE SETEMBRO: XORNADAS DE ORIENTACIÓN NO CLUB

Aprender a ler un mapa, interpretalo, traballar coas ferramentas axeitadas, compás,...

Para os que queirades introducirvos no mundo da orientación, ou repasar conceptos xa aprendidos, comeza o 17 de setembro a primeira reunión destas xornadas de orientación que se celebrará no club ás 20.30 horas.

Despois haberá máis xornadas (3 ou 4), e que se celebrarán os martes e xoves, e finalmente unha saída en sábado para practicar todo o aprendido.

### 22 SETEMBRO: RUTA DE MOSTEIRO A MOSTEIRO

Iniciaremos a ruta na parroquia de Cerdal- en Portugal. Visitaremos un lagar de aceite e o mosteiro de Chan da Cruz. O final será en Valença. Ruta fácil duns 13 km

### 12-13 OUTUBRO: TREVINCA

Desta vez iremos ao refuxio de A Folepa, do noso amigo Cholo, e ao Trisquel, en Vilanova, Trevinca.

Sairemos en autobús o venres 11 ás 21.00 horas fronte ao club, para chegar sobre as 12 da noite.

Xa o día 12 sairemos en ruta circular dende Vilanova cara o val de Meladas subindo hacia a Morteira de Campos e tras facer cumio baixaremos polo Sistil para chegar de novo a Vilanova. Ruta montañeira duns 27 km, de dificultade moderada e cun desnivel de 914 metros.

O día 13 faremos o percorrido dende A Ponte, pasando pola Lagoas de Ocelo e da Serpe. Máis curta ca do día anterior, uns 14,5 km, e cun desnivel de 742 metros.

### 27 DE OUTUBRO: RUTA POLO GR 58- FORNELOS -MOSCO

Cunha lonxitude de 19 km e de dificultade moderada esta actividade aínda que pasa moi preto dalgunhas poboacións, mantén zonas de paisaxe moi cambiante, con penedos, brañas, pasando polo coto de Eiras. Realmente vale a pena.

### 1-2-3 DE NOVIEMBRE: ASTURIAS- CONCEJO DE CASO

Asturias no outono promete paraxes espectaculares cheos de encanto, por iso a proposta para os días 1, 2 e 3 de novembro é deixarnos perder por esta zona para gozar das cores outonais camiñando por sendeiros accesibles a todos e con algunha interesante ascensión.

Subiremos ao Maciédome (1.899 m), a segunda altura da cordal de Ponga despois do Tiatordos. Partiremos dende Pendones pasando por bosques de carballos, acibros e faias. No cumio se o tempo nolo permite, teremos impresionantes vistas de Picos de Europa, Ponga e Caso.

Outra das actividades propostas levaranos dende Orlé e pasando polas impresionantes foces de Melordaña e Valloseru ata o cumio de Campigüeiros (1.838m). Dende o cumio teremos vistas tamén de Picos de Europa, os Mampodres, Ubiñas...

Xa o domingo e antes do regreso, faremos unha ruta tranquila e curta que partirá dende Orlé.

Só queda esperar que teñamos un tempo estupendo para gozar das actividades propostas. Tereades máis información no club e na web.

### 10 DE NOVIEMBRE: PR-G 165 SENDERIO DAS FRAGAS E LEVADAS DO CALVO E DEVA. 18 KM.

Nesta estación outonal pareceunos moi adecuado este sendeiro nestas datas.

Unha vez máis comprobaremos como a pouca distancia de Vigo podemos encontrar lugares de tanta fermosura natural e intereses etnográfico. Transitaremos polo val de Achas, moi próximo á Cañiza. Percorreremos por frondosas fragas e un singular bosque de sobreiras. O noso camiño de entrada serán os ríos Calvo e Deva. Veremos tamén bonitas aldeas, algún interesante pazo.... Ben, xa sabedes que a nosa Galicia é una marabilla para o sendeirismo, e esta ruta non decepcionará a ninguén. Colabora nesta ocasión co club o socio J.Ramón Varela.

**ACTIVIDADE DA PONTE DE DECEMBRO- PENDENTE DE CONFIRMAR**

## INFANTIL- XUVENIL

### 14-15-DE SETEMBRO: O PINDO- XUVENIL:

Actividade enfocada aos nosos socios de entre 12-15 anos ambos inclusive e que se desenvolverá no Monte Pindo, coñecido tamén como O Olimpo Galego, situado na provincia da Coruña. Faremos noite no monte se as condicións o permiten, sen uso de tendas, polo tanto vivaquearemos ao abrigo dalgunha rocha ou o que atopemos. Ascenderemos á Moa, e percorrерemos os seus arredores onde descubriremos enormes rochas con curiosas e orixinais formas, ademais teremos unhas impresionantes vistas das vilas de Pindo e Ézaro, con preciosas praias, situadas na base do monte, así como de toda a costa, deste Fisterra ata Carnota.

### 28-29 DE SETEMBRO: ESTRELAS EN COTOBADE.

Observacións das estrelas en Cotobade (Pontevedra). Durante a fin de semana percorrерemos a zona e xa pola noite, se o tempo non o impide, observaremos as estrelas coas explicacións de profesionais na materia.

### 20 DE OUTUBRO: GALLEIRO SALBUEIRÓN.

Descubrir cerca de casa una bonita ruta accesible para todas as idades.

### 10 DE NOVEMBRO: MONTE ALOIA.

Aproveitando a cercanía do Parque Natural faremos unha das súas marabillosas rutas de sendeirismo para poder admirar a beleza da natureza en estado puro

### 1 DE DECEMBRO: MAIOR DE EIRAS.

Para despedir un ano cheo de actividades propoñemos una ruta faciliña para que pidamos gozar da zona e do tempo libre cos compañeiros da sección.

## PEQUEMARCHAS-OUTONO 2013



### 15 DE SETEMBRO: CABO HOME.

Quedamos ás 10,30 horas no amplo aparcamento que hai indicado chegando a Cabo Home. Visitaremos os fachos de Punta Subrido e Cabo Home, os cantís, a praia e dunas de Melide e contemplaremos as vistas sobre as Cíes, Ons e Costa da Vela.

### 20 DE OUTUBRO: FACHO DE DONÓN E COSTA DA VELA.

Quedamos ás 11 horas no aparcamento que hai ao pasar Donón, onde a caracola, a escola de escalada e as vistas do océano. Subiremos ao Facho, a contemplar as magníficas vistas, ver o facho e o poboado castrexo e saudar ao deus Berobreo. Daremos unha volta pola Costa da Vela, cara Punta Couso (sen chegar) e volveremos ao lugar de saída. Contemplando Cíes, Ons, Rías de Aldán e Pontevedra e a península da Barbanza (se está despexado).

### 16 DE NOVEMBRO: MONTE ALOIA.

Ás 11,30 horas, no aparcamento da parte superior, no alto. Faremos un percorrido polo lugar, parándonos para observar algún detalle da flora e fauna do lugar. Logo xantaremos no Refuxio. e despois? Primeiro faremos un mural coas follas das árbores que recollemos, pegarémolas e lle poremos o nome (aquí imos precisar da caligrafía dos maiores). Mentres facemos isto, iranse asando as castañas na cheminea para logo, despois de face-los cucuruchos, dar conta delas. Tamén organizaremos algúns xogos arredor do refuxio.

E, para rematar, despediremos a tempada das pequemarchas con chocolate e roscón (fresco, que do ano pasado non quedou nin o suspiro)

Para facer todo isto hai que traer (NON O ESQUEZADES):

- . 200 gr de castañas, co corte feito para que non estoupen por familia.
- . Unha bolsiña pequena para gardar as follas que recollamos
- . Un cantariño para tomar o chocolate.
- . Ah!, e un sorriso para brindar pola tempada, polo Club e polas pequemarchas.

### Atentos á web e ó correo dos prazos de inscrición e prezos.

*Por suposto, se os elementos o permiten. Caso de suspensión, o colgaremos na web e mandaremos un e-mail.*

### ABEL ALONSO- EN LEMBRANZA

Se no pasado boletín avanzábam os proxectos de expedición de Abel Alonso, neste toca lamentar que, pese que logrou facer cumio no G-I na cordilleira do Karakórum o pasado día 21 de xullo, Abel xa non volverá connosco para contarnos as súas sensacións, ilusións e proxectos. Quedou para sempre nas altas montañas para dende alí acariñar o ceo.

Abel, recibe unha enorme aperta e un bico cheos de profundo sentimento.

Ata sempre!



**ABEL ALONSO subindo ao Campo 1, dol G-I (foto obtida do seu blog)**



*Edita: Club Montañeiros Celtas.  
Dirección, deseño e maquetación: Marisa Núñez  
Colaboran neste número: Carmen Pérez Orge, Penélope Aranda, Emilio Ballesteros*

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.  
Imprime: Garpe Infografía. Depósito Legal: VG:40-1998.  
Impreso en papel reciclado

## VINDEIRAS ACTIVIDADES

*Tedes máis información das actividades  
na páxina web e no Club*

MES	DIA	LUGAR	ACTIVIDADE	
ACTIVIDADES DE SETEMBRO TÉDELAS NO BOLETÍN ANTERIOR, NUM 117				
OUTUBRO	5-6	A Seara	Carreira de orientación	S Montaña/Sendeiro
	12-13	Vilanova	Trevinca	S Montaña/Sendeiro
	12-13	A determinar	18º Cpto. Infantil Xuvenil de Espeleoloxía	S. Espéleo
	20	Donón-Costa Vela	Pequemarcha	S.Cultura e M.Ambiente
	20	Pontevedra	Ruta Galleiro Salgueirón	S. Infantil
	27	Fornelos	Moscoso –GR 58	S. Montaña/sendeiro
NOVEMBRO	1-2-3	Asturias-Concejo Caso	Outubro montañeiro	S Montaña/Sendeiro
	9-10	A determinar	Campamento social de espeleoloxía	S.D Espéleo
	10	A Cañiza	Fragas e levadas do Calvo e Deza PR-G165	S Montaña/sendeiro
	10	Aloia	Actividade Infantil	S. Infantil
	16	Monte Aloia	Pequemarcha	S.Cultura e M Ambiente
	16-17	A determinar	Magosto social	S. A. Sociais
DECEMBRO	1	Mondariz	Sendeiro Maior-Eiras	S. Infantil
	6-7-8	A determinar	----	S Montaña/Sendeiro
	20	Local Social	Festa fin de Ano	S.A. Sociais

### CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias, 78 Oficina K- 36211 Vigo.
- ♦ Apartado de Correos 1836, 36200 Vigo
- ♦ Teléfono/fax: 986 438 505
- ♦ Internet: [www.celtas.net](http://www.celtas.net)
- ♦ Correo electrónico: [info@celtas.net](mailto:info@celtas.net)

**PUBLI-CORREO**

